

CONDICIÓNS ADICIONAIS PARA OUTRAS ACTIVIDADES CONSTRUTIVAS NON-RESIDENCIAIS

- 1- As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:
 - a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 5.000 metros cadrados.
 - b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea.
 - 2- Excepcionalmente, poderán outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras, cinexéticas e forestais ou ao servizo e ao funcionamento das infraestructuras e obras públicas, sempre que quede xustificada a proporcionalidade da construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localice e non superen os 25 m² de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin de 3,5 m. En todo caso a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no art. 42 da Lei.
- Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos art. 42 a 44 desta Lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.
- Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agrícopecuaria, forestal ou de infraestructuras.
- 3- As obras de simple conservación e as obra menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da licenza urbanística municipal cando se realicen en edificacións que foron construídas ao abeiro das preceptiva licenza urbanística e autorización autonómica.
 - 4- As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 m. dos asentamentos de poboación e 250 m. da vivenda mais próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 200 m.

O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de

aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.

- 5- O establecido no artigo 42 e neste artigo non resultará de aplicación á rehabilitación de edificacións tradicionais.
- 6- **Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico.** Permitirase en calquera categoría de solo rústico, logo da autorización autonómica segundo o procedemento establecido no art. 41, a reconstrución ou rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público. A reconstrución ou rehabilitación deberá respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal.

Así mesmo, logo da autorización autonómica, poderá permitirse por razóns xustificadas a súa implantación, incluso en volume independente, sen superar o 10% do volume orixinario da edificación tradicional. Excepcionalmente, a ampliación poderá acadar o 50% do volume da edificación orixinaria cumprindo as condicións establecidas polos artigos 42 a 44 desta lei.